

**PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O
ACCESO Á UNIVERSIDADE
ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA “GREGO II” (cód. 32) Curso 2022-2023**

Para o curso 2022-2023 os contidos e os criterios de valoración serán os seguintes:

1. TEXTOS

Antoloxía de Xenofonte

Antoloxía de Apolodoro

No exame proporanse dous textos de Xenofonte e un de Apolodoro extraídos da antoloxía proposta, de extensión aproximada de tres liñas en letra de tamaño 12 puntos, para **traducir unicamente un deles**

Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de grego, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

Cualificación: 5 puntos

2. MORFOLOXÍA E SINTAXE

Pídese a **análise morfolóxica ou a análise sintáctica (a elixir unha das dúas)** dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Na análise morfolóxica hai que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas. Na análise sintáctica hai que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Para as dúas posibilidades admítase calquera método de análise que sexa correcto.

Cualificación: 1 punto

3. LECTURAS

Homero, *Iliada*, cantos 1, 6, 16 e 22

Lírica arcaica: Arquíloco, Safo e Anacreonte

Sófocles, *Edipo Rei*

Aristófanes, *Asamblea de mulleres*

Proporanse **dúas** preguntas sobre o contido das obras, das que **o alumno deberá elixir unha**.

Cualificación: 2 puntos

4. LITERATURA E O SEU CONTEXTO

Proporanse **dúas** preguntas sobre contexto ou realia das obras a traducir, das que **o alumno deberá elixir unha**.

Cualificación: 1 punto

5. HELENISMOS E ETIMOLOXÍA

Proporanse cinco palabras gregas extraídas do listado proposto, das que **o alumno terá que elixir tres**, para citar e explicar exemplos de vocabulario actual relacionado con elas.

Cualificación: 1 punto

Santiago de Compostela, marzo de 2023

M^a Teresa Amado Rodríguez

Directora do grupo de traballo